

29, 30 de setembro e 1 de outubro

## MANDARIINID



**Dirección:** Zaza Urushadze  
**Intérpretes:** Giorgi Nakashidze, Lembit Ulfisak.  
Estonia, 2013 - 83 min - (V.O.S en castelán)  
NRM 12 ANOS  
Formato: DVD

- \* PREMIOS OSCAR 2014: SELECCIONADA Á MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA
- \* GLOBOS DE ORO 2014: SELECCIONADA Á MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA
- \* SATELLITE AWARDS 2014: MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA
- \* PREMIOS GAUDÍ 2015: MELLOR PELÍCULA EUROPEA

*En 1990, estala a guerra nunha provincia xeorxiana que busca a independencia. Ivo, un estoniano, decide quedar, a diferenza do resto dos seus compatriotas, para lle axudar ao seu amigo Margus coa colleita de mandarinas. Ao comezar o conflito, dous soldados resultan feridos diante da súa casa, e Ivo vese obrigado a coidar deles.*

Enésima achega ao cinema de contido, trasfondo, reflexión ou mensaxe claramente pacifista, **'Mandariinid'** ten o valor extra de lanzarnos o seu berro de auxilio, de ofrecernos a súa acougada apoloxía do entendemento, desde o presente. Sen esperar a que fosen retirados os cadáveres e os inimigos gardasen as armas. É este un valioso, sosegado e acougado filme de denuncia para estes tempos de cólera e de ideas sospeitosas polo feito de ser ideas. E o estoniano Zaza Urushadze roda case toda a súa película entre as catro paredes da casa dun carpinteiro que fabrica caixas para mandarinas... E xa está a chegar tarde para entregar o seu último encargo. Ademais, o guión do propio director inclúe un retrato da situación actual do mundo da cultura nesas abatidas e nada hollywoodenses terras: a confesión dese actor e soldado que non traballa no cinema, senón só no teatro, porque aí non se fai cinema. **'Mandariinid'** fai das palabras, as froitas, o campo e a vellez os máis efectivos antídotos para o odio.

Pere Vall (Fotogramas \*\*\*)

**HORARIOS:** xoves 20.15 h; venres 20.15 e 22.45 h e sábado ás 17.15 e 20.15 h.

**ENTRADAS:** 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, desempregados: 2,00 €)

**SESIÓN DO ESPECTADOR:** venres 22.45 e sábado 17.15 h. Prezo único: 1,50 €

**ABONO 5 PELÍCULAS: 12,00 €**

**VENDA EN DESPACHO DE BILLETES:** media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

**VENDA ANTICIPADA:** na conserxería, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h, e sábados de 10.00 a 13.00 h

SALA MARILYN MONROE

ESTREAS EN V.O.

8, 9 e 10 de setembro

## MIA MADRE



**Dirección:** Nanni Moretti  
**Intérpretes:** John Turturro, Margherita Buy  
Italia, 2015 - 107 min - (V.O.S en castelán)  
NRM 7 ANOS  
Formato: 35 mm

- \* PREMIOS CÉSAR 2015: SELECCIONADA Á MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA
- \* FESTIVAL DE CANNES 2015: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAJES A CONCURSO
- \* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2015: SELECCIONADA AO MELLOR DIRECTOR E ACTRIZ
- \* 2 PREMIOS DAVID DI DONATELLO 2014, INCLUÍDO MELLOR ACTRIZ

*Margherita, unha directora de cinema politicamente comprometida, está a piques de separarse de Vittorio, un actor co que ten unha filla adolescente. O seu irmán decide deixar o traballo para dedicarse a coidar a súa nai, gravemente enferma no hospital. A enfermidade da 'mamma' e o proceso de asimilación da súa inevitable perda alterará completamente a vida cotiá e emocional dos seus fillos.*

A aproximación do cinema ao desconcerto existencial que pode provocar a enfermidade ou perda dun ser querido derivou en demasiadas ocasións no tratado psicolóxico de manual ou no exercicio terapéutico de autoaxuda. **'Mia madre'** esquivada estes perigos grazas á súa estrutura libre e complexa. Nada de pasos ou fases rumbo á aceptación ou á superación. No seu lugar, atopamos unha viaxe chea de matices e desvíos pola realidade, a memoria, os soños e fantasías dunha directora de cinema enfrontada á traxicomedia da vida. Con **'Mia madre'**, Nanni Moretti certifica unha madurez artística impregnada de serenidade.

Manuel Yáñez Murillo (Fotogramas \*\*\*\*)

XOVES 8

Proxección inaugural de tempada

Entrada con convite

(Recollense no despacho de billetes do Fórum media hora antes da proxección)

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



15, 16 e 17 de setembro

## 3 COEURS



**Dirección:** Benoît Jacquot

**Intérpretes:** Catherine Deneuve, Charlotte Gainsbourg

Francia, 2014 - 108 min - (V.O.S en castelán)

NRM 12 ANOS

Formato: 35 mm

\* FESTIVAL DE VENEZIA 2014: SECCIÓN OFICIAL

*Marc perde o seu tren para volver a París e coñece a Sylvie. Vagan ata a noite, falando de todo, excepto deles mesmos, en completa harmonía. Cando Marc se vai, acordan atoparse uns días máis tarde. Sylvie acode á cita pero Marc non. Mentres, Marc coñece a outra muller, Sophie, sen saber que é a irmá de Sylvie. Marc e Sylvie volveranse ver, recuperando a súa conexión, aínda que será demasiado tarde.*

Benoît Jacquot arrisca en cada proxecto. Perde a miúdo, pero acabou gañando a partida cun simple trío de corazóns. Tan só armado con ese improbable triángulo e levando ao extremo a metáfora do noso órgano central como símbolo dos nosos asuntos do ídem, o francés logra unha maxistral radiografía dese sufrimento ao que muta o amor cando se sente atrapado: a angustia. Recoñecido histrión, Benoît Poelvoorde é aquí un exemplo de contención que ofrece os mil matices dun home, talvez un fantasma, en todo caso unha alma en pena, devorado por dentro. As dúas damas danlle a réplica nunha perfecta coreografía de miradas que danzan ao son dunha música inquietante, envolta nunha elegante atmosfera novelesca, para acabar completando unha grandiosa traxedia operística escenificada na clave máis mínima posible. Un "tour de force" feito co corazón, que merecería un maior aplauso.

**Philipp Engel (Fotogramas \*\*\*\*\*)**

22, 23 e 24 de setembro

## LA LOI DU MARCHÉ



**Dirección:** Stéphane Brizé

**Intérpretes:** Vincent Lindon, Yves Ory, Karine de Mirbeck

Francia, 2015 - 93 min - (V.O.S en castelán)

NRM 12 ANOS

Formato: 35 mm

\* FESTIVAL DE CANNES 2015: MELLOR ACTOR

\* PREMIOS CÉSAR 2015: MELLOR ACTOR

\* FESTIVAL DE MAR DEL PLATA 2015: SELECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAXES A CONCURSO

\* PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 2015: SELECCIONADA A MELLOR

*Despois de 20 meses no paro, Thierry, un home de 51 anos, atopa un novo traballo, pero axiña terá que enfrontarse a un dilema moral: pode aceptar calquera cousa con tal de conservar o seu traballo?*

Co seu físico de policía atormentado, viril pero sensible, Vincent Lindon está impecable co seu traxe barato de vixilante de supermercado. Non en balde trátase dun filme á medida que lle valeu a gloria en Cannes. Stéphane Brizé, o director, aplícase en minutar cada un dos planos estáticos e sostidos, austeros e silenciosos, nos que Lindon acode a entrevistas de traballo, pasa o tempo coa súa muller e fillo ou fai fronte ás diversas fontes de tensións derivadas da súa angustiada situación económica. Como en '**Deux jours, une nuit**', dos Dardenne, trátase dun vehículo de corte social, mesmo político, con astro ao volante e o sempre loable fin de lle mostrar ao resto da sociedade a heroica dignidade do proletariado.

**Philipp Engel (Fotogramas \*\*\*)**